

Hotel Portonovo

Rúa Alegre, 3

36970 Portonovo- Sanxenxo (Pontevedra)

Teléfono: 986 720 990

E-mail: info@hotelportonovo.com

Web: www.hotelportonovo.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa na que está situada o hotel é estreita e en costa pronunciada.
- A beirarrúa non está rebaixada e ten unha altura de **18 cm**, pero dispoñen dunha rampla móbil de madeira como itinerario alternativo accesible.
- A rampla mide **1 m** de lonxitude e de ancho e ten unha inclinación do **19,4 %**.

Acceso

- A entrada principal ten un chanzo irregular en altura de **5 e 26 cm**, pero dispoñen dunha rampla móbil de madeira como itinerario alternativo accesible.
- A rampla mide **1,03 m** de lonxitude, **45 cm** de ancho e ten unha inclinación do **26,6%**.
- A porta de entrada ao edificio é de dobre folla, de apertura manual e ten un ancho libre de paso de **74 cm** cada unha. Dispón dun tirador situado a unha altura de entre **70 cm e 1,40 m**.
- A continuación hai un felpudo que está correctamente ancorado ao chan.

Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de **1,10 m**, non adaptada para usuarios de cadeira de rodas.

Cuarto Adaptado (Nº 002)

- N.º cuartos adaptados: **1**. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de **75 cm**.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro para facer un xiro de **360°** coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de **84 cm**.
- A cama ten unha altura de **53 cm** e accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo de **90 cm** de ancho.
- As portas dos armarios son corredizas. Os andeis están situados a unha altura de **50 cm**. O percheiro é fixo e está a **1 m** de altura.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.
- Hai unha mesa de escritorio cunha altura de **76 cm**. Debaixo hai unha altura libre de **63 cm**, un ancho de **96 cm** e un fondo de **56 cm**.

Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a fóra e mide **76 cm**. O tirador é de manubrio e está situada a **1,02 m** de altura.
- No seu interior existe un espazo libre de xiro de máis de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado dereito de **80 cm** de ancho e pola fronte de **1,70 m**. O asento está a unha altura de **42 cm** e o mecanismo de descarga a **94 cm**.
- Ten unha barra abatible no lado dereito e unha fixa no lado contrario, están situadas a unha altura de entre **52 e 77 cm** e cunha separación entre ambas as dúas de **71 cm**.

Lavabo

- O lavabo é regulable en altura.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1,12 m** e o resto dos accesorios do baño están entre os **88 cm e 1,37 m**.

Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de **1,25 m** de ancho e dispón de cortina.
- O prato da ducha é antiescorregadizo e ten un chanzo en altorrelevo de **3,5 cm**.
- Ten un asento colgado e situado a **45 cm** de altura e cunhas dimensións de **45 cm** de ancho e **31 cm** de fondo. Dispón dun espazo de achegamento lateral polo lado dereito de **85 cm** e pola fronte de **1,25 m**.
- Ten unha barra de apoio en horizontal e vertical situada en ambas as dúas paredes e situadas a unha altura entre **79 cm e 1,90 m**.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de **1,14 m** xunto ao asento.

Aseo accesible na zona común

- Hai 2 cabinas de aseo adaptado independentes, unha para señoras e outra para cabaleiros. Están situadas en planta baixa e o itinerario é accesible. Están sinalizadas co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta xeral mide **76 cm** de ancho e a da cabina **80 cm**. Ambas as dúas abren cara ao exterior.
- No interior existe un espazo libre de xiro de máis **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado esquerdo de **90 cm** de ancho.
- O asento está situado a unha altura de **38 cm** e o mecanismo de descarga a **74 cm**.
- Non dispón de barras de apoio.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **69 cm** de alto e **21 cm** de fondo. A billa é monomando.
- Ten un espello pero está situado fóra da cabina e o resto dos accesorios do aseo están entre os **93 cm e 1 m** de altura.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- Para acceder ao hotel hai que salvar o chanzo e a beirarrúa de **18 cm** e o da entrada ao hotel que ten unha altura irregular de entre **5 e 26 cm**.
- Ambos os dous chanzos non teñen unha franxa antiescorregadizo de cor e textura diferenciada.

- A porta principal de acceso é de cristal e está sinalizada co logotipo do hotel que presenta contraste de cor.
- A continuación hai un felpudo que está correctamente ancorado ao chan.
- O mobiliario está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Tampouco existen elementos beirís que impliquen risco.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.

Cuarto estándar (nº 104)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Ten bañeira situada a unha altura de **45 cm** e dispón de biombo abatible e de cristal que non está sinalizado con franxas de cor contrastada.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre" nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén no seu interior.

Sinalización

- Existen rótulos que sinalan a situación das estanzas e servizos. Seguen un mesmo patrón e están a **1,80** e **2,10 m** de altura. Os caracteres son de **5 cm** e de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	No exterior e subterráneo	Accesible con ascensor	Non hai plazas reservadas para persoas con mobilidade reducida (PMR).
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Altura de barra: 1,18 m Mesas cadradas con pata central. Altura de mesa: 74 cm , Altura baixo mesa: 72 cm Ancho baixo mesa: 72 cm , Fondo baixo mesa: 30 cm Non dispoñen de carta en braille.
Salón	Planta baixa	Accesible	Con cadeiras de brazos e de libre acceso.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: 97 e 1,01 m Ancho da porta: 80 cm Ancho e fondo de cabina: 1,08 x 1,08 m Altura dos botóns de mando: entre 91 cm e 1,14 m Altura do pasamáns: 91 cm Espello fronte á porta: Si Chan de textura e cor distinta fronte a porta: Non Cabina con sinais sonoros: Non Botóns con números en altorrelevo e braille: Sí

			Botóns de cor contrastada: Si Cabina con sinais visuais: Si Botón de emerxencia cunha testemuña luminosa que confirme o rexistro da chamada: Non
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: interior N.º de chanzos por tramo: 10 Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non Altura dos chanzos: 18 cm Fondo da pegada: 31 cm Con tabica: Si Con bocel: Si Zócalo de protección lateral: Si Altura de Pasamáns: A un lado, 90 cm Oco baixo a escaleira protexido: Si